

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

04-09
SET.2011

I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS “CIDADE DA CULTURA”

- *Un espazo de convivencia entre artistas novos de diferentes procedencias*
- *Unha oportunidade de coñecer e traballar a carón de nomes consolidados no mundo da arte contemporánea*
- *Unha plataforma para presentar as creacións propias*

ARTISTAS PARTICIPANTES:

Antonio Ballester, Daniel Canogar, Carles Congost, Victoria Diehl, Suso Fandiño, Pierre Gonnord, Cristina Lucas, Rubén Ramos Balsa, Fernando Sánchez Castillo, Jose Luís Serzo e Ana Soler.



100
Artistas Novos
6 Xornadas
Programa e
Estancia de balde

Cidade da Cultura
de Galicia

Santiago de
Compostela

Bases convocatoria



fundación cidade
da cultura de galicia



XUNTA
DE GALICIA

► 1
A convivencia entre artistas novos galegos e procedentes doutros lugares

► 2
Facer un percorrido e debater sobre a situación actual da Arte Contemporánea

► 3
Proporcionar un espazo de encontro e intercambio de coñecementos e ideas

► 4
Proporcionarlles aos seus participantes un lugar de acceso directo a artistas e obras consolidadas

► 5
Darlles a coñecer aos seus participantes as principais infraestruturas do territorio galego dedicadas á Arte Contemporánea

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a través do seu departamento de Acción Cultural, convoca a primeira edición do ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA», que terá lugar entre os días 4 e 9 de setembro de 2011 na **Cidade da Cultura de Galicia**.

Esta convocatoria, con carácter anual, comeza a súa andaina como parte do programa de dinamización da actividade artística da comunidade mediante a apertura de vías de diálogo con **creadores novos nacionais e internacionais**.

Durante **6 xornadas**, o complexo cultural do Monte Gaiás converterase en escenario de intercambio onde reflexionar sobre aspectos esenciais da creación artística contemporánea e aspectos máis concretos relacionados coa construción dunha obra e a súa proxección no mundo real.

Na celebración do I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» establecéronse como principais obxectivos os seguintes:

1. A convivencia entre artistas novos galegos e procedentes doutros lugares.

2. Facer un percorrido e debater sobre a situación actual da Arte Contemporánea.

3. Proporcionar un espazo de encontro e intercambio de coñecementos e ideas.

4. Proporcionarlles aos seus participantes un lugar de acceso directo a artistas e obras consolidadas.

5. Darlles a coñecer aos seus participantes as principais infraestruturas do territorio galego dedicadas á arte contemporánea.

Para fomentar a convivencia entre os distintos participantes estableceuse un máximo de 100 prazas, todas de carácter gratuíto, que inclúen a estancia no complexo Monte do Gozo, así como os traslados á Cidade da Cultura para a asistencia ás diferentes conferencias e as visitas a diferentes institucións culturais. Ademais, dentro do programa establécese o **«Foro Aberto»**, onde 30 dos participantes poderán expor publicamente os seus propios proxectos artísticos.

BASES CONVOCATORIA

OBXECTO

O departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 100 prazas gratuítas para a participación no I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA», que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, do 4 ao 9 de setembro de 2011.

CARACTERÍSTICAS

As 100 prazas terán dous ámbitos de participación:

1. Rexional, no que se lles concederán un 50% das bolsas aos solicitantes nados ou residentes na comunidade autónoma de Galicia.

2. Nacional/internacional, no que o 50% das bolsas serán lles concedidas aos solicitantes de procedencia tanto nacional como internacional.

Dentro do programa do I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» celebrarase o «Foro Aberto», no que 30 dos participantes poderán amosar os seus traballos mediante unha breve presentación. O interesado que desexa optar a unha destas 30 prazas deberá especificalo na súa solicitude. O beneficiario achegará o seu propio material audiovisual debidamente preparado con antelación. As presentacións realizaranse en español ou inglés e en ningún caso se facilitará interpretación simultánea por parte da institución.

AS CEN PRAZAS GRATUÍTAS INCLÚEN

Os 100 participantes no I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» obterán unha dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.

2. Estancia en réxime de pensión completa no complexo do Monte do Gozo de Santiago de Compostela desde o domingo 4 de setembro ata o venres 9 de setembro de 2011, ambas as xornadas incluídas.

3. Transportes diarios desde o complexo do Monte do Gozo ata a Cidade da Cultura de Galicia.

4. Visita á cidade de Vigo. Durante o tempo de goce da bolsa, cada un dos seleccionados estará cuberto por un seguro de enfermidade e accidentes.

O desprazamento a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e o posterior regreso serán sufragados polos beneficiarios.

CONDICIÓNS

Poderán presentarse todos aqueles profesionais que naceran entre **1976 e 1993**, ambos os anos incluídos.

A convocatoria é aberta e poderán optar a ela tanto **estudantes e licenciados en Belas Artes** —e afíns—, como todos aqueles que mediante a documentación presentada demostren ter unha **traxectoria ou proxecto artístico**. Se a solicitude provén dun colectivo, aqueles dos seus membros que queiran ser beneficiarios da bolsa realizarán solicitudes independentes.

DOCUMENTACIÓN

O solicitante deberá presentar a documentación que se detalla a continuación en sobre pechado e coa referencia «I Encontro de Artistas Novos» escrita sobre el:

1. Boletín de subscrición adxunto e cuberto en versaleta ou maiúsculas. O boletín poderá descargarse en formato pdf na web **www.cidadedacultura.org/programacultural**

2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.

3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 2 follas—.

4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato papel —máximo 15 follas—.

5. En caso de que o solicitante decidise participar no Foro coa presentación do seu traballo, deberá incluír igualmente un resumo dela —máximo 1 folla—.

Por cuestións de organización e posterior valoración, recoméndase presentar a documentación en formato de **papel DinA4 —ou, no seu defecto, US letter ou tamaño folio—** e encadernado, desestimándose toda solicitude que non se axuste a este formato. Non se aceptarán traballos orixinais nin ningunha documentación adxunta, como catálogos ou folletos. A documentación entregada non lles será devolta aos participantes.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás **15:00 horas do venres 15 de xullo de 2011**. Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes deberán ser entregadas en persoa, por correo certificado ou axencia de transporte e admitiranse ata o último día do prazo sinalado —inclusive— e en horario de 9:00 a 15:00 horas no seguinte enderezo :

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Hospital de San Roque
Rúa de San Roque nº2
15704 Santiago de Compostela

O solicitante recibirá a notificación de recepción de solicitude por correo electrónico.

SELECCIÓN E VEREDICTO

O veredicto dun xurado formado por profesionais do medio, cuxa identidade será mantida na máis estrita confidencialidade por parte da institución, será publicado na web www.cidadedacultura.org/programacultural o venres 12 de agosto de 2011.

FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN NO ENCANTRO

Os seleccionados deberán subscribir a súa aceptación por correo electrónico indicando o seu nome completo (nome e apelidos) e o seu número de **DNI ou Pasaporte** (segundo o achegado na solicitude), no enderezo de correo electrónico encontro@cidadedacultura.org, antes do venres 19 de agosto de 2011. A ausencia desta aceptación será entendida pola institución como declinación por parte do solicitante. Posteriormente, de quedaren prazas vacantes, a institución recorrerá á lista de suplentes.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA», da área de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia, supón a total aceptación destas bases. A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nelas.

MÁIS INFORMACIÓN

Tel. +34 881 997 565
Fax. +34 881 997 577
web: www.cidadedacultura.org/programacultural